[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **30 de outubro de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Julio García Comesaña
(Vicepresidente -en funcións-)
Cecilia Vázquez Suárez
(en substitución de Manuel Santos Costa)
(Secretaria -en funcións-)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Patricia García González
Nicole Grueira Fernández
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Gonzalo Trenor López)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de Noelia Pérez López)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Daniel Castro García
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)
Mercedes Queixas Zas
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Iago Suárez Fernández
(en substitución de Óscar Insua Lema)
Iria Taibo Corsanego
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Comparecente:
Presidenta do Consello da Cultura Galega
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta reinicia a sesión e rógalle á secretaria -en funcións- que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar as substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia da presidenta do Consello da Cultura Galega

1.1 13638 (12/PL-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida á presidenta do Consello da Cultura Galega e á persoa do seu equipo que a acompaña, lémbralles o desenvolvemento da sesión, que se realizará do seguinte xeito: unha primeira intervención da comparecente, por un tempo de 20 minutos; unha única rolda de portavoces dos diferentes grupos parlamentarios, por un tempo de 5 minutos e unha rolda de peche da comparecente, por un tempo de 10 minutos.

Sen máis, concédelle a palabra á presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez Blanco, que, logo de agradecer a boa acollida da Presidencia, procede a informar aos membros da comisión sobre os orzamentos xerais de Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes ao Consello que preside (para á súa exposición utiliza soporte informático en formato *Power Point*).

A seguir, ábrese a rolda dos grupos parlamentarios para que os seus portavoces formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Castro Rey (S), a señora Queixas Zas (BNG) e o señor Fidalgo Iglesias (P).

Finalmente, a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez Blanco, pecha o debate dando resposta ás cuestións expostas polas anteriores intervencións.

A presidenta reitéralle o seu agradecemento á presidenta do Consello da Cultura Galega e o fai extensivo aos demais membros da Comisión, e suspende a sesión; non entanto, lémbralles ás súas señorías que se reunirán de novo ás 18.00 horas, coa comparecencia do presidente da Deputación provincial de Pontevedra.

Suspéndese a sesión ás 17:15 horas.

PARLAMENTO DE GALICIA

(Achégaselle a esta acta como anexo I a transcrición literal da sesión.)

V. e pr.

Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.11.05 09:31:32 +01'00'

Cecilia Vázquez Suárez

Cecilia Vázquez Suárez
Secretaria -en funcións- da Comisión

Cecilia Vázquez Suárez

Firmado digitalmente por Cecilia Vázquez Suárez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cecilia Vázquez Suárez, email=cecilia.vazquez.suarez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.04 16:25:33 +01'00'

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 30 DE OUTUB RO DE 2024

-Orzamentos 2025-

(Comparecencia da presidenta do Consello da Cultura Galega)

(Reiniciase a sesión ás dezaseis horas)

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Boa tarde a todas e todos.

Imos reanudar esta Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos para continuar coa sesións informativas, verbo do proxecto de orzamentos do ano 2025 da Xunta de Galiza. Prégolle, por favor, antes de continuar á señora secretaria, que lea a lista de membros da comisión e ás súas señorías, que indiquen en voz alta e clara quen están a substituír, dado o grao alto de mobilidade que hai nesta comisión nestes días.

A **señora secretaria (Vázquez Suárez):** Bos días.
(A señora secretaria procede a dar lectura da relación de asistentes.)
Estando presente a Mesa, hai quórum.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora secretaria.

Temos connosco xa á señora Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega e ao seu equipo, a quen lles agradecemos unha vez máis que nos acompañan nesta tramitación orzamentaria.

Recórdolles ás súas señorías como é o procedemento.

En primeiro lugar, a señora presidenta do Consello terá unha quenda de vinte minutos para dar conta do orzamento; a continuación os grupos terán unha única quenda de dez minutos, para dar conta das súas inquedanzas. E, finalmente, a señora Álvarez, por un tempo flexible de cinco minutos poderá pechar a comparecencias.

Sen máis, señora Álvarez, reiterándolle o noso agradecemento pola súa presenza, ten vostede a palabra.

A **señora presidenta do Consello da Cultura Galega (Álvarez Blanco):** Grazas.

Comezo agradecendo a acollida, pero tamén dando desculpas porque chegamos xusto enriba da hora e, por riba, producírase un erro polo que non chegara a nosa presentación, pero ben parece que a tecnoloxía funcionou e está solucionado xa.

Procurarei cinguirme a este tempo que se me dá, aínda que teño moita cousa que contar.

Comezo polo orzamento do ano 2025 que nesta serie económica que veño presentando desde hai uns anos xa, por fin chegamos a unha cantidade que alcanza a cifra que tiñamos no ano 2008. E tardamos todos estes anos, case dúas décadas en chegar a ese porto, pero, por primeira vez, alcanzamos aquela cantidade, incluso pasamos un chisco máis esa cantidade. Obviamente en termos absolutos, pois se falamos en termos relativos xa se dan conta de que a capacidade de gasto que nós temos agora con esta mesma cantidade de

euros no ano 2025, non será en absoluto a que teriamos ou a que tivemos no ano 2008. E o escaso incremento vaise basicamente no aumento do capítulo I, tendo en conta que a nosa plantilla non medrou, pero faise máis vella. E entón o custo vai practicamente do consumido aí. Naturalmente evito a comparación con outros órganos que ven incrementados os seus orzamentos acompañando a maior capacidade de gasto que hai, pero iso deixareino quizais para a próxima ocasión. Simplemente agora reitero que hai aspectos do noso mandato que nós non podemos cubrir adecuadamente, como sería necesario, porque non hai orzamento para iso, que as nosas funcións se van incrementando. Poño como exemplo que na Estratexia de acción Exterior de Galicia para os anos 2023-2027, unha das tarefas que se colocan como prioritarias é o estreitamento de lazos coa lusofonía; e, en concreto, establécese que o Consello da Cultura Galega é o órgano que polo seu rol dentro das PLP e ese vínculo cos países de lingua portuguesa, debe ser quen faga un plan específico que poña en evidencia ese lazo especial que nós temos con estes países, baseado na intercomprensión lingüística e a afinidade cultural que temos con eles. Naturalmente, iso dise en Brasil e en Portugal, sen esquecer outros países como Cabo Verde e outros países africanos. Quero dicir que iso exixe un investimento que nós realmente, pois non estamos en condicións de poder facer.

Pero, como xa dixen noutros anos, faremos o que poidamos, faremos o mellor posible co diñeiro público que se pon nas nosas mans e con máis, fariamos máis. Pero acomodámonos ao que temos.

O orzamento... —¿Non saíu aí aínda a evolución do orzamento? Non—. Ben, sobre o orzamento do ano 2024 que se nos deu, nós aínda incrementamos pola vía de convenios, fundamentalmente con departamentos da Xunta de Galicia, nada externo, aínda nuns 74.000 euros ese orzamento e a estimación de gasto, de consumo, de execución do orzamento que estimamos, estará coma sempre de arredor do 90 %.

Paso a facer o balance do ano 2000... Aí teñen a curva que dicía antes. Ben se ve que entre o ano 2008 e o ano 2025 hai unha igualación. Estamos empezando a igualar en termos absolutos digo do ano 2028.

Pasamos á seguinte, nunha panorámica o balance en cifras do ano 2024. A diapositiva mostra de maneira moi escueta o balance final. Cando dicimos proxectos referímonos sobre todo a recursos audiovisuais. —Logo volverei algo sobre iso—. Cando digo fondos non me estou referindo a fondos que integramos nos nosos arquivos, senón á creación ou dispoñibilización traballada de fondos que están no noso poder e que nós ofrecemos tratados para dispoñibilizalos para os públicos, máis de 200. No campo da asesoría están informes e documentos de traballo, informes de distinto teor. —Logo tamén falaremos diso—.

Cando dicimos foro referímonos a todo ese conxunto de actividades que exixen públicos presenciais para conferencias, ciclos, xornadas, debates, etcétera. Son 97 os que realizamos neste ano que estamos. E cando digo publicacións non me refiro a informes e

documentos de traballo, senón a publicacións doutro tipo, que cada vez publicamos menos en papel, pero aí as están, pero tamén cando publicamos en papel ese tipo de libros, pois tamén facemos sempre difusión electrónica, que é a principal difusión que nós facemos hoxe das nosas publicacións.

As áreas temáticas do Consello da Cultura Galega son moi variadas, insisto niso. Déusenos 360 graos de contorno, polo tanto iso está xa na propia Lei de creación. Onde se di —creo que convén recordalo—, dise que a acción cultural atinxe ás múltiples facetas da vida do home e das sociedades. Dito así. E logo aí é onde se desgrana encomendándonos a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego dentro e fóra de Galicia, cun concepto de cultura que era xa moi moderno no seu tempo, que é o concepto de cultura que hoxe as sociedades modernas aplican e que é o concepto de cultura que fixo seu a Unión Europea. É dicir, que a cultura non é só cultura humanística, que a cultura é tamén cultura científica e cultura tecnolóxica. E non me cansarei de repetilo, porque iso se di cando se crea o Consello da Cultura Galega. Eran precursores tamén nese sentido.

E a nosa lei de creación di ademais que as leis defenden o dereito de todos e de todas a sermos praceiros do cultivo do espírito, asumilos valores vixentes da sociedade na que viven, a gozar xeración tras xeración dos bens da memoria histórica e do acervo das creacións, a recibir a benfeitoría do progreso das ciencias e das súas aplicacións; e a protección e defensa de canto nos é propio nos campos da lingua, das letras, das artes, etc. Por tanto, hai un mandato de defender ese dereito para todos e para todas, e ese tamén se nos encomenda.

Seguen agora catro diapositivas temáticas escolmadas nunha paleta que, como digo, é moito máis ampla, porque cobre 360 graos. Comezo polo Patrimonio.

Con catro mostras aquí á dereita dalgunhas desas actividades do que chamamos foro, actividades presenciais con interacción con públicos. Tamén escollidas non pola súa importancia relativa, senón para mostrar distintos formatos do traballo que facemos.

Arriba está o ciclo de cinema galego portugués, mulleres, patrimonios, sociedades que este ano tocou facer en Tui, e que está na súa sexta edición. Para o ano que vén vai para Portugal, para a Ponte de Lima, por petición da propia Cámara de Ponte de Lima.

E a Xornada dos xardíns históricos, chamando a atención sobre a necesaria protección dun patrimonio cultural que ten necesidades especiais. E diso se trataba. A xornada dedicada a [...] en colaboración con varias entidades galegas que teñen tamén parte do seu legado, como é o Museo do Pobo Galego, como é o Instituto da Lingua Galega e, sobre todo, cun grande apoio de todo o sector da música tradicional.

Ou a dedicada ás intervencións sobre un ben patrimonial ben coñecido, a Nosa Señora da Antiga en Monforte, como exemplo de boas prácticas na rehabilitación e na acomodación para os usos que exixe hoxe a vida moderna.

E tamén na área de Patrimonio nós facemos tamén informes. Ás veces son informes que se nos solicitan como os BIC. Tres fixemos este ano. E outras veces son informes realizados de motu proprio. Cumprindo ese mandato que se nos fai de que analicemos cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural, e investiguemos e valoremos as necesidades culturais do pobo galego; sempre cunha óptica plural e poñendo as ciencias —e dígoo ciencias en plural— ao servizo do coñecemento.

Entón aí está o informe para o proxecto, para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, que tanto deu que falar nas últimas semanas, pero tamén o informe sobre a arquitectura indiana en Galicia, propostas para a súa definición e protección patrimonial.

A seguinte diapositiva está dedicada á ciencia. Sempre houbo no Consello da Cultura Galega unha sección de ciencia. Sempre falamos en anos anteriores, en décadas anteriores da natureza ameazada; fixemos publicacións sobre o Antropoceno que foron punteiras e seguen sendo solicitadas desde moitos lugares; sobre os incendios forestais e logo sobre os macro incendios; sobre a avaliación despois do Prestige; o fuso horario; a praga das velutinas. Quero dicir que hai moitos temas que nos teñen ocupado en xornadas, publicacións, informes, etcétera.

Do ano 2024 saliento tres xornadas: A divulgación da ciencia en galego nos novos espazos, sobre todo nos espazos dixitais, que son os que máis utiliza a xente nova; a cuestión enerxética en Galicia, Economía, territorio e sociedade que é o título que lle demos a unha xornada coa que celebramos a Semana do Medio Ambiente. E, ou O matemático sublime en homenaxe, en memoria de José Rodríguez González, o matemático de Bermés.

Pero tamén facemos informes desde o ámbito científico, como o documento de traballo, Percepción social da ciencia en Galicia; o documento de traballo Intelixencia artificial na cultura galega, coñecemento, usos e opinións. Ou un que será publicado nos próximos días, pero que xa leva un tempo feito dentro deste ano por un uso responsable da iluminación artificial, recomendacións para as administracións públicas.

Facemos publicacións como o libro que coloca aí na pantalla en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias, en homenaxe ao matemático de Bermés ou outros recursos que teñen como finalidade a difusión, sobre todo a difusión a través de Internet. Como as biografías de ciencia contidas no álbum de Galicia. Precisamente hoxe sae a primeira profesora da Facultade de Farmacia, María Teresa Fernández Rodríguez, que era de Chantada. Ou no proxecto ao que todos os primeiros martes de mes saca unha colección escolmada de vídeos para a divulgación científica en galego con destino a todos os niveis

de ensino. E este ano foron todos basicamente de ciencias experimentais. Este último que houbo foi dedicado á trigonometría, porque era o mes de outubro, o mes do matemático de Bermés, medindo o movemento con triángulos. E, por outro lado, o próximo día, creo que 5, o primeiro martes de novembro, teremos un dedicado á astronomía, precisamente celebrando o Mes da ciencia en galego.

Outra das liñas temáticas é a memoria ¿non?, e os valores culturais do presente e do futuro; valores culturais sobre os que se asenta a nosa identidade e asentan no pasado. Polo tanto, nós temos que dar a coñecer continuamente o patrimonio dos nosos devanceiros, rescatando moitos do esquecemento, rescatando persoas, obras, movementos, feitos, etcétera, do esquecemento de todos os tempos, tamén os antecesores inmediatos, nunha construción permanente colaborativa en distintas frontes. Gran parte das nosas actividades do Foro son deste tipo. Coloco aí na diapositiva a primeira das sesións de Revisitando a nosa arte, dedicada Lugrís neste ano. A segunda foi agora na Illa de San Simón, sobre os lugares de memoria do franquismo, no sentido de como xestionar estes espazos; como xestionalos, como xestionalos na sociedade contemporánea, que tipo de institucións, con que tipo de valores, con que tipo de respecto, etcétera. Tamén autodedicada a Exeria porque estamos tamén anualmente revisitando persoas importantes nese período da Galicia tardo romana: Martiño de Dumio, Exeria, seguirá Orosio, etcétera.

Ou o último que é o dedicado, todos os xoves de outubro estiveron dedicados a Eloy Luis André como filósofo, en xornadas realizadas en Verín.

Quero dicir que toda a institución e, de xeito particular, os nosos catro centros de investigación, crean recursos nesta liña. E aí á esquerda poño algúns dos recursos creados con esta finalidade, que teñen unha cadencia regular ao longo do ano, pero non podo poñelos aí todos e, moito menos, un a un.

E a cuarta liña temática que quería poñer é a da lingua naturalmente, é dicir, é absolutamente transversal. Aínda que nós contamos co Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, contamos co Observatorio da Cultura Galega, que sempre inclúe a lingua nos seus informes sobre a cultura, aínda que logo tamén fai informes específicos sobre a cultura, e temos unha sección de Lingua, Literatura e Comunicación que tamén traballa neste sentido.

Coloco aí tamén algunhas das xornadas do foro, como A Intelixencia Artificial, un novo desafío para o ensino da lingua, literatura e cultura galegas na Educación Secundaria. Os XXVI Encontros pola Normalización Lingüística agora en outubro, dedicadas á lingua no tempo da morte e da memoria, que se chamaba Vivir e perdurar na nosa lingua. Ou a que celebramos en abril sobre a Igrexa e a Lingua no tempo da Transición.

Facemos tamén informes que teñen que ver... Insisto, a lingua está presente en moitos informes de moi diverso tipo, pero A produción en lingua galega no ámbito cultural foi

un informe específico este ano. Os encontros sempre acaban sacando un documento que se reparte coas conclusións dos encontros. Fixemos como publicacións Os recursos e novas metodoloxías para as aulas de Lingua Galega e Literatura. Resultados e seminarios realizados o ano pasado con moita implicación do sector. E tamén —insisto— o proxecto é un ámbito de difusión da lingua galega a través da ciencia, ¿non?

E a acción exterior é outra das liñas que quería salientar temática. Non é propiamente unha temática, pero si é unha realidade que está aí, non diría que en paralelo porque sempre se incardina moito co que estamos facendo aquí, pero naturalmente ten unha entidade especial.

E cando dicimos acción exterior non nos referimos só ás actividades pensadas para a comunidade galega no exterior, porque tamén, pero iso é como se dixeramos parte do interior de Galicia. É dicir, nós non podemos facer o mesmo tipo de actividades se nos diriximos á comunidade galega de Bos Aires, que se nos referimos, se queremos captar a atención da sociedade arxentina non galega de Bos Aires.

Realizamos 22 actividades no exterior. E, cando dicimos unha actividade no exterior non o estamos computando da mesma maneira que as do interior. Porque, claro, se nós facemos unha exposición de Afonso X en Salvador de Bahía e vai estar alí un mes, durante ese mes hai actividades continuas, hai mesas redondas, proxeccións, debates, conferencias e nós iso contámolo como unha actividade.

E aí —non se lerá ben desde o fondo ese branco sobre gris—, pero a acción exterior contempla exposicións, conferencias, proxeccións, fondos, actividades moi diversas.

Ben, aí á dereita figura o noso mapa deste ano con Portugal, Vilanova de Cerveira, Braga, Guimarães, Lisboa; en Italia, Padua e Bolonia; en Brasil, Londrina, Curitiba, Salvador de Bahía e a partir do día 13 tamén Vitoria, no Estado de Espírito Santo. E en España, Madrid, Castelló e Barcelona.

Pasamos a dentro... A min gústame salientar que ademais de facer encontros, foros, etcétera, que nos reúne todas as semanas unha, dúas, tres veces con públicos, nós ademais temos esa liña de proxectos, que son proxectos hoxe practicamente todos nacidos dixitais. Como poden ser ou dun formato moi especial. Por exemplo, concertos, entón facemos o concerto das letras, estando dedicado a Luísa Villalta; pero facemos no Bico un cantar, que este ano foi para Ribadavia. Cos nenos, cos nenos dos conservatorios e as escolas de música.

Ou facemos audiovisuais como a Memoria do Teatro que a estamos acabando de presentar este ano. Como o do Son Perdido a través da historia da zanfona. Ou como poda ser Terra co concerto, o concerto co que celebramos o 40 aniversario que agora está editado en DVD e que se difunde tamén a través de Internet.

Ou proxectos como Seara que presenta para estudosos e interesados en todo o mundo, versións ao inglés de obras fundamentais da literatura galega.

E nas exposicións que é unha vía a importante, este ano movemos 8 exposicións con 32 itinerancias en Galicia, España, diversos países de Europa e Brasil. Están aí as carátulas das distintas exposicións.

En Asesoría presentamos 44 documentos que aínda poden... Esta cifra pode modificarse á alza, porque moitos dos informes só podemos presentalos unha vez que chegan e son aprobados. Aínda faltan dous meses deste ano. E en todas as executivas se aproba algún que outro informe de impacto ambiental. Neste momento levamos 8 documentos do observatorio sobre a situación da cultura galega, enténdase sobre a situación da Lingua e a Cultura; 29 de impacto ambiental xa enviados á Consellería que nolos pide. E 3 BIC e outros 4 informes para os que se crean comisións de expertos ad hoc, que xa foron entregados.

Coa mesma paso xa rapidamente á programación do ano 2025.

De acordo coas liñas aprobadas e co proceso agora en curso de xestión de todas esas propostas, para o ano 2025 falaremos moito de intelixencia artificial, falemos moito de Turismo e Cultura, falaremos moito de Arquitectura, de Lingua e de Patrimonio oral.

As liñas, as catro liñas... Nós sempre aprobamos 10 liñas, pero 4 son liñas que, dalgunha maneira, definen o ano que vai vir. As 4 liñas estratéxicas que destacamos para o ano 2025 son as que están aí colocadas: Turismo e Cultura, Artesanía e Industria, Arquitectura galega a debate e Retos da creación contemporánea. Cada unha delas ten varios fíos e hai varias actividades propostas de distinto formato sobre cada unha delas.

E logo están as outras 6 liñas que, dalgunha maneira, resumen toda a actividade do Consello da Cultura Galega nesa perspectiva circular dos 360 graos a que me refería, que son esas outras liñas que aparecen aí colocadas: Una historia que contar, no que nós falamos do patrimonio, da conservación e valorización do patrimonio material e inmaterial; a acción exterior e divulgación, internacionalización da cultura. Falamos tamén outra liña de fomento da cultura científica, tecnolóxica e medioambiental. E aí entra tamén todo o pensamento e todas as preocupacións do mundo contemporáneo. Falamos de dereitos, dereitos de igualdade, dereitos de inclusión; tamén novos dereitos como o que diciamos da intelixencia artificial e a identidade ou a autoría; da memoria dixital, neurodereitos, etc.

Falamos da memoria que ten que estar viva e non soamente a través de homenaxes ocasionais, senón tamén nunha pescuda continua de quen foron os nosos antecesores, de quen construíu a cultura dos devanceiros que nos foi legada. De feito, temos aí un proxecto sobre os lugares de memoria de Galicia, da historia de Galicia.

Ou outra liña, é o que chamamos Memoria conservada, que é todo o que ten que ver con arquivo, hemeroteca, preservación de fondos, dixitalización de fondos polo mundo adiante, dispoñibilización para investigadores, etcétera.

E, por último, a liña de avaliación continua do sector cultural a través de informes e de asesoría.

Moitas grazas.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Álvarez, pola súa intervención e polo seu esforzo de resumo de contención.

E pasamos agora á quenda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, por parte do Grupo Mixto, ten unha quenda o señor Ojea, por un tempo máximo de dez minutos.

O **señor Ojea Bouzo: (M):** Grazas, presidenta.

Grazas, presidenta do Consello pola súa presenza e a súa explicación.

Moi breve. Agradecer e a súa explicación, valorar o traballo do Consello e, en particular, agradezo moito ese recordatorio que fixo de que a cultura tamén é a cultura científica e tecnolóxica, que é unha cousa que se olvida moitas veces neste país, non sucede así noutros. É unha cuestión que vén de vello.

O mesmo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, de principios do século pasado, tiña moi claro iso. Seguramente coñece perfectamente que nese Instituto de Estudos Padre Sarmiento estiveron grandes figuras que promoveron aspectos concretos da ciencia e da tecnoloxía, ademais dos que cultivaron os aspectos humanísticos da cultura galega. E, ben, é unha liña que particularmente agradezo.

Do resto non vou facer ningún comentario adicional con relación a súa presentación, máis que agradecerlla.

Nada máis. Grazas.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Grazas, señor Ojea, pola súa contribución.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Castro cando queira.

A **señora Castro Rey (S):** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas e, en especial, á presidenta do Consello da Cultura Galega e ao seu equipo, e agradecer a súa presenza e traballo que leva a cabo na súa institución.

E antes de comezar o discurso, a miña intervención quería ter unhas verbas de apoio, de solidariedade a todas esas persoas dos territorios afectados pola DANA e o noso desexo de que os danos sexan de aquí ao futuro os menos posibles, e o noso, como dicía, o noso apoio e solidariedade a estes territorios que lembramos e que estamos pendentes dende aquí e de todo o que esta a suceder.

E dende o PSdeG queremos tamén aproveitar esta intervención para poñer de manifesto que para nós é un orgullo ter un Consello da Cultura Galega, que sexa un centro recoñecido en toda España, que sexa ademais unha das entidades que teñen convenio co Instituto Cervantes e o recoñecemento por parte deste do labor que fai o Consello, nese labor rigoroso, analítico e de curador cultural.

E queremos resaltar ademais que é un organismo estatutario, é dicir, un organismo creado dende aquí, dende o Parlamento e dende a Xunta de Galicia. Un organismo creado no ano 1983 ao amparo do noso Estatuto de autonomía, que establece cales ían ser os organismos encargados de promover os valores culturais de Galicia e, entre estes, se atopa este Consello da Cultura Galega.

E dicía o noso Estatuto de autonomía que a finalidade de crear e de promover e de defender eses valores, valores culturais do pobo galego correspondíalle á comunidade autónoma, e que isto se ía desenvolver a través dun fondo cultural galego e deste Consello da Cultura Galega.

E con isto queremos incidir nisto, porque queremos chamar a atención da prioridade política que ten que ser o Consello da Cultura. Os que estiveron ao cargo do noso Estatuto hai máis de 40 anos, explicitaron claramente a necesidade dun órgano que velase pola reconstitución do que fomos e polo traballo a facer para seguir agromando novos activos á cultura galega. E, sobre todo, ese lugar de acervo e a análise, que nos da un barómetro real da nosa dinámica cultural.

Dende o PSdeG queremos deixar esta reflexión porque o Consello da Cultura, como vostede dicía no inicio da súa intervención, leva estancado na súa estrutura dende hai anos sen poder afrontar novas liñas necesarias para a investigación. E basicamente que aí é o que vostede dicía na súa primeira intervención, por mor dos orzamentos. Por esa escaseza orzamentaria que ao final obriga a traballar case dende o voluntariado, e sen o case en moitas ocasións, a moitos profesionais de excelencia con expertizaxe e altamente cualificados que ano tras ano suplen a falla de contratación e de recursos humanos. Porque vostede dixo unha frase que é indicativa de desta situación, que é: «Con máis fariamos moito máis».

Entón nós cremos que é importante poñer o foco nisto e, sobre todo, hai que dar conta desta falla, desta escaseza orzamentaria e como afecta a catro liñas de traballo fundamentais organizadas como arquivos, que ademais foron abordadas, estruturadas hai tempo e que se sustenta con moita fraxilidade no que se refire aos recursos humanos cos que conta.

Así: son o Arquivo Sonoro, o Arquivo da Emigración, o Centro de Igualdade e Feminismo e o Centro de Sociolingüística Galego; á marxe do departamento de Publicación.

Pois ben, eses arquivos dispoñen dun importante acervo e cun número cuantioso de pezas e documentación, e realmente están funcionando apenas con 6 persoas: 1 profesional no Arquivo Sonoro, 2 profesionais no Arquivo da Inmigración, 1 no Centro de Igualdade e Feminismo e 2 no Centro de Sociolingüística de Galicia. E, por último, o departamento, como dicía antes, de Publicacións, que conta só cunha persoa.

Queremos facer fincapé neste tema porque cremos que estas catro liñas explicitadas que sinalei anteriormente, foron constituídas seguindo o cometido que se lle require ao Consello e traballan, como queremos remarcar no eido da excelencia. De feito, unha das peticións que leva facendo o Consello ao respecto e moitos estudosos e intelectuais do noso territorio, é aproveitar o traballo inxente do Arquivo da Emigración coa fin de que a Consellería de Cultura poida crear ese gran centro da emigración galega. Un gran centro da emigración galega que nós defendemos esta necesidade, e non nos referimos a un gran centro como un edificio grandísimo e que teña espazo para facer moitas exposicións e demais; senón un espazo no que arquivar e analizar a documentación da diáspora galega no mundo; desde materia documental, obxectos persoais, elementos físicos, etcétera, que dean cabida á explicación do que somos e dotalo de persoal para que teña unha eficacia real e para que se poidan neste centro propoñer proxectos de divulgación, análise e recompilación dunha característica social e económica como é a galega.

E ademais é unha petición que nós xa insistimos en varias ocasións e que aproveito novamente para facela aquí, tanto aos responsables políticos da cultura galega como da Presidencia do Consello, para unir e sentir que entendo que non lle é alleo, este sentimento e esta necesidade non debería ser alleo a ninguén dos que estamos sentados nesta sala.

E falaba ao inicio da situación económica que afronta o Consello e da situación ás veces de voluntarismo que hai no persoal que desenvolve as funcións dentro do mesmo; de moitos dos profesionais que colaboran ou que traballan en torno á actividade do Consello. E isto é un valor tamén a poñer en conta, un valor a resaltar do Consello. É capaz de atraer a expertos que colabora moitas veces de forma desinteresada, pero que non deixa de ser unha decisión persoal, e ao final é evidente que o traballo feito con análise e rigor deste centro, do Consello da Cultura polos traballadores contratados propicia, como dicía antes, que é un mérito traballar na valoración destes informes de asesoría, pero que ao final non deixa de ser en moitas ocasións —insisto— voluntario.

E dentro da elaboración destas análises e posteriores informes, o Consello tería que dar unha maior expansión e divulgación do traballo que se necesita e do labor que está a facer con estes poucos medios cos que conta, e máis neste momento. Cremos que estamos nun momento moi esencial e nun momento no que se require unha actuación urxente, porque ese informe do Instituto Galego de Estatística nos di que cómpre ser rápidos, eficaces no coidado da nosa lingua, porque esmorece a pasos axigantados, non só respecto á fala, senón tamén á escrita. E creo que nese momento no que nos atopamos, no que é necesaria unha actuación urxente, deberíamos contar con material de divulgación contemporáneo, con elaboración de audiovisual, gravacións, etcétera, que ao final son ferramentas esenciais para achegarse ao público e para proxectos de divulgación a diferentes niveis. E refírome tanto no eido e no ámbito infantil, como Bacharelato, universidades, congresos, etcétera.

Por tanto, debería poder abrirse unha liña tanto a nivel nacional como internacional na súa área de comunicación, toda vez que é o máximo órgano profesional en prol da cultura galega, o Consello. E isto é o que nós traemos hoxe aquí, porque cremos que dende o Consello da Cultura asumen esa acción de divulgación no exterior, pero que fan falla recursos para que poidan ser exportados ben a través da Rede ou acudindo aos espazos fóra do país.

Aínda así, anualmente fan sempre unha acción que amosa o traballo dos que formaron parte da nosa cultura no pasado e no presente. E, por outro lado, tamén hai que recoñecer, vostede citaba e aparecía na súa diapositiva a función que ten o Consello no exterior e noutros países, sobre todo nos países lusófonos, a través desa lei de acción exterior. Pero ao final é unha lei que nós agora mesmo imos traballar no eido desta lei para ver se se desenvolve esa estratexia, que esperemos, como xa lle dixemos nunha ocasión ao director xeral, que vaia tamén acompañada do orzamento necesario. Porque ao final estamos falando de moitos propósitos, moitos obxectivos, pero que se non se delimitan e non se orzamentan, pois ao final queda todo en declaracións de vontade.

E ben é certo que nós tamén outra lei é a Lei Paz Andrade, que nós dende o Grupo Socialista tamén apoiamos no Parlamento, e que ao final é unha lei que, como estamos a ver na práctica, está a ter un escasísimo e case nulo arraigo nos estudantes. E ademais pouco interese da súa aplicación tamén por parte da Consellería de Cultura.

E esperemos tamén que esta sexa unha ocasión que mude no futuro, en todo caso, temos que coidar o noso e temos que seguir adiante traballando por uns obxectivos común, como é a permanencia da nosa cultura, da nosa lingua, o respecto e o traballo en prol dela e, sobre todo, nestes momentos todos os datos nos din que non se está a facer todo o necesario.

Por agora nada máis e moitas grazas.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Castro.

Pasamos á quenda do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Queixas, cando queira, ten vostede a palabra.

A **señora Queixas Zas (BNG):** Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Boa tarde e benvida señora presidenta e xerente do Consello da Cultura Galega.

Como adoitamos facer sempre nestas datas anuais en que nos encontramos aquí, dende o BNG queremos transmitirlles o recoñecemento ao traballo presentado nesta brevísima memoria oral, que quen seguimos a actividade e o quefacer diario do Consello da Cultura Galega sabemos que supón un exercicio máximo de síntese maiúsculo.

Acabamos de ver —insisto— de forma hiperbreve, somos conscientes, unha memoria dese proxecto cumprido que anunciou aquí hai un ano e un anticipo tamén do que é a programación que xa está aprobada para desenvolver agora neste próximo 2025. Polo tanto, reiteramos o recoñecemento ao seu traballo, máxime cando —temos que volver dicilo outra vez, porque vemos que nada vai mudar neste sentido—, somos conscientes das limitacións, dos recursos humanos, á parte dos recursos económicos e materiais cos que traballa o Consello da Cultura Galega, pero que tamén sabemos que é suplido sempre con esa entrega vocacional a causa do servizo público. Polo tanto, agradecemos que faga extensivo o agradecemento do BNG ao conxunto dos traballadores e traballadoras do Consello, así como a toda esa nómina de persoas especialistas, cada unha na súa área, que colaboran sempre de forma xenerosa, desinteresada, altruísta nas 6 seccións nas que está constituído o Consello nos 4 arquivos e nas, neste momento, 20 comisións técnicas de estudo, entre as que son permanentes e as que son temporais. Un recoñecemento que adoitamos facer sempre, pero que este ano entendemos que ten que ser ademais puntualizado e destacado de sobremaneira, pois acabamos de vivir recentemente, e vostede tamén así o mencionou, un exercicio de deslealdade institucional —así o cualificamos nós nesta Cámara— e de deslexitimación do coñecemento e do traballo científico dos expertos cos que conta o Consello da Cultura Galega para desenvolver os seus traballos e que vimos posto en dúbida e en cuestionamento por parte do Goberno do Partido Popular.

Nós nesta Cámara estamos afeitas a que, ou ben o propio Goberno do Partido Popular ou ben o Grupo Parlamentario tamén do PP ignore os informes e os estudos sucesivos, progresivos do Consello da Cultura Galega. Estamos afeitas a que mesmo os chegue a negar cando os nós os usamos como base argumentativa das nosas iniciativas, dos nosos debates; mesmo somos conscientes dos sen números votos en contra desas propostas que sempre veñen xeradas dende os informes e os estudos do propio Consello da Cultura Galega, mais, sen dúbida, o Partido Popular acaba de superarse si propio, saltando todos

os límites do respecto institucional, no que nós cualificamos aquí como un ataque sen precedentes contra a autonomía orgánica e funcional da institución e a debida actuación, con independencia e obxectividade que lle corresponde como órgano estatutario.

Evidentemente, falamos dese informe elaborado dende a responsabilidade da Comisión de Patrimonio e Bens Culturais, a respecto das consecuencias, dos efectos que ten sobre Galiza, non sobre a Galiza de hoxe do presente, senón tamén a das próximas décadas, a do futuro, as consecuencias desa implantación do proxecto Altri, dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa, que no BNG cualificamos sempre como unha macro celulosa, e que puxo en evidencia o total descoñecemento por parte do Partido Popular de quen é o Consello da Cultura Galega, de cales son as súas finalidades estatutarias, de como está constituído e de cal é o traballo que está obrigado —insistimos— por mandato estatutario a desenvolver.

Asistimos publicamente, como toda a sociedade galega, a un proceso de descualificación da traxectoria e do currículo académico, científico, como especialistas das persoas que asinan ese informe. Asistimos con profunda vergoña allea á mofa a respecto de quen é o Consello para falar de cousas que non son lingua e cultura, é dicir, a minorando o que é a lingua e a cultura e constatando que non está en condicións de falar das outras cousas que son as importantes. E mesmo asistimos a todo un presidente do Goberno falando mal do informe e recoñecendo ao mesmo tempo que non o lera.

En definitiva, o que se puxo en evidencia é que o Partido Popular non tolera ningunha opinión que sexa diferente da súa e, moito menos, un informe cunha aval científico de persoas de recoñecido prestixio como é o que contén este traballo do Consello da Cultura Galega, que non é o primeiro; evidentemente xa ten habido outros moitos anteriores.

Non escribir ao ditado do Partido Popular ten este tipo de reaccións que dende logo neste caso desde o BNG acadaron unhas cotas absolutamente insoportables.

Mágoa que dese tanto que falar a descualificación do Goberno da Xunta e non os propios termos, os propios contidos que ten o informe, que son fundamentais para saber as afeccións deste proxecto, desta macro celulosa de Altri sobre moitas áreas do país.

Polo tanto, grazas por afrontar a responsabilidade de analizar este proxecto de tanta transcendencia para Galiza, a de hoxe e a de mañá. Grazas por facelo malia non lle ter solicitado informe, como debera, o propio Goberno da Xunta. E grazas por facelo dende a responsabilidade, e dende facer prevalecer a necesidade de dar resposta a unha demanda social existente que pide información fidedigna, fronte a esa opacidade interesada do Partido Popular, que actúa de forma submisa e servil, sempre cara as grandes empresas, que finalmente sempre son as sedes das portas xiratorias.

E estes orzamentos din moito, ¿non? Se se me permite, parafraseando ese título, ¿Onde está Wally? A pregunta que nos facemos é onde está o Consello da Cultura Galega nestes

orzamentos. Nestes orzamentos que volven ser outra vez os máis altos da historia, case 14.000 millóns de euros e o Consello da Cultura Galega ten adxudicados 3.333.000. Efectivamente 126.000 euros máis que en 2024, chegando a ese récord de colocarnos, como vostede ben indicaba, en cifras do ano 2008; que evidentemente non é equiparable a cifra e o valor desa cifra agora en 2024 e 2025. Son termos absolutos, pero en termos relativos temos unha distancia enorme.

En calquera caso, esta identificación de conseguimos o orzamento de 2008, creo que a quen devalúa —e ese é o titular— é ao propio Goberno do Partido Popular.

En calquera caso, volven ser unhas cantidades que van encamiñadas a cubrir eses gastos fixos de persoal, gastos correntes e que, polo tanto, van impedir que o proxecto poida ser desenvolvido —entendemos— na súa totalidade, poida ser abranguido dunha forma completa e absoluta, mesmo vostede o dicía, que todo o que significación acción exterior claramente hai que prescindilo en boa maneira, porque este orzamento non permite asumir esa responsabilidade.

Nós entendemos ademais que este orzamento invalida esas palabras do conselleiro de Cultura na súa recente e primeira visita institucional ao Consello da Cultura Galega, cando destacou en titulares o seu firme compromiso coa lingua e a cultura de Galiza. Xa lle dixemos pola mañá que os orzamentos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude está claro que non responden a unha ambición e unha situación de auténtica emerxencia lingüística. E, desde logo, os orzamentos do Consello da Cultura Galega entendemos que tampouco.

Concluímos con tres ideas: que é que o Partido Popular continúa de forma premeditada cun proceso de asfixia económica do Consello da Cultura Galega ao non o dotar dos recursos humanos e dos recursos económicos necesarios para dar resposta ao mandato estatutario.

A segunda, que segue respondendo con indiferenza e, de novo, recentemente volvemos constatalo ao seu traballo. Mesmo parece que agora con estes orzamentos hai como unha vontade de penalización. Polo tanto, ignora eses principios máximos de autonomía, independencia, rigor e obxectividade que deben rexer o Consello da Cultura Galega.

E, en terceiro lugar, da lectura da memoria da Consellería de Cultura tamén vemos que non hai ningunha vontade de interacción, de coordinación e de atención a este órgano de alto asesoramento do Goberno.

O programa que vostede minimamente puido anunciar no pouco tempo do que dispón, evidentemente xa vimos que foi aprobado no plenario. Hai centros de interese de máxima actualidade como ese impacto da intelixencia artificial na creación cultural, que está a preocupar a todos os sectores; esa relación entre turismo e cultura desde diferentes

perspectivas, porque corremos moitísimo risco se seguimos con esa visión de turistificar a cultura. Ten riscos que deben ser abordados canto antes.

E, evidentemente, a análise do patrimonio inmaterial, do patrimonio oral, fundamental, máxime cando imos ter esta oportunidade do Día das letras galegas, centrado no herdo da cultura oral que crearon e sostiveron fundamentalmente as mulleres na voz das cantareiras; ou a análise da situación da lingua.

Para nós, para alén doutros moitos que tamén están aí, que tampouco podemos pararnos en detalle, son eixo de máxima atención para o estudo, para a investigación e para poder subministrarnos información solvente, rigorosa que precisamos.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que concluír, señora Queixas.

A **señora Queixas Zas (BNG):** Compartimos, como digo, a visión de traballo. E, sobre todo, agora para rematar xa, gustaríanos, se é posible, na súa segunda intervención, facer algunha reflexión en relación á situación da lingua e os traballos que vai abordar o Consello da Cultura Galega neste momento de auténtica emerxencia lingüística, á vista tanto dos novos informes do Consello de Europa como dos datos que nos ofreceu o Instituto Galego de Estatística, que de novo confirma que o galego xa non é a lingua maioritaria do país, que os menores de 14 anos que falan galego cada vez son menos, estamos xa nun 7 %; e que xa por primeira vez temos severos problemas de falta, xa non só de transmisión interxeracional e familiar, senón tamén de adquisición da competencia, que é o primeiro que precisamos para logo poder tamén vivir en galego.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa, por favor.

A **señora Queixas Zas (BNG):** Moitísimas grazas.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Queixas.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, señor Ferro.

O **señor Ferro Iglesias (BNG):** Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Antes de nada, por suposto, permítanme que quería saudar á presidenta do Consello da Cultura e a todo o seu equipo, que se achega hoxe aquí; presidenta que tiven ocasión de coñecer xa hai moitos anos na miña etapa de alcalde da vila de Celanova, vila como moitas outras galegas —se me permiten— con gran peso e sinal cultural na que tivemos a fortuna de contar coa colaboración e todo o traballo do Consello da Cultura, que o vivimos in situ en diversas actividades da nosa vida.

Ben, eu non quería, como outros grupos, centrar todo o seu traballo, desmenuzado perfectamente, un gran traballo que nos presentou ao longo desta memoria do ano no que estamos en curso, do 2024, coma outros grupos que o centraron, parece ser que nun único informe que vostedes emitiron. Un informe no que non hai ningún conflito co Goberno galego, un informe onde acatamos e respectamos aos técnicos que asinan ese informe. Agardamos o mesmo cando a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o seu informe que está traballando e estudando pormenorizadamente.

E non se pode pór en dúbida que a Xunta de Galicia pois, se non é a que máis é o mesmo ca que máis, a Administración que máis preserva, protexe e coida o patrimonio. Certamente, tamén hai que ter en conta o crecemento económico da nosa autonomía. E, se hai algún conflito pois a Xunta e o Goberno galego sempre van estar do lado da preservación do patrimonio cultural.

Hoxe quero aproveitar esta comparecencia de orzamentos para recoñecer o traballo inestimable do Consello da Cultura Galega, unha institución que se ten convertido nun faro de preservación, promoción e difusión da nosa cultura en todas as súas formas.

O Consello da Cultura Galega desempeña un papel crucial na defensa e promoción do noso patrimonio cultural, desde a lingua e a literatura ata as artes en todas as súas modalidades, a música e as tradicións populares. Grazas ao seu labor incansable, xunto co das distintas administracións, a nosa cultura mantense viva, florece e expándese, levando o nome de Galicia a todos os recunchos.

Ademais, o Consello que vostede preside impulse a investigación e a divulgación do noso patrimonio, promovendo o coñecemento e o aprecio pola nosa rica herdanza cultural. As súas publicacións, proxectos, foros, actividades, proxectos educativos que vostede foi debullando ao longo da presentación da memoria de actividades deste ano 2024, son fundamentais para garantir que as novas xeracións valoren e respecten a nosa identidade cultural.

Non podemos esquecer tampouco o apoio do Consello á creación contemporánea, ofrecendo un espazo de expresión para os novos talentos e contribuíndo a que a nosa cultura evolucione e se enriqueza co paso do tempo.

Penso que todos os galegos e as galegas deberiamos expresar o noso máis sincero agradecemento ao Consello da Cultura polo seu compromiso e dedicación. Grazas ao seu traballo podemos estar orgullosos da nosa identidade, mirar cara ao futuro con esperanza e ilusión.

Tamén para o Goberno galego e para toda a sociedade a cultura ten unha importancia fundamental. A cultura non é só un conxunto de manifestacións artísticas, é a esencia da nosa identidade, as raíces que nos unen como pobo e as ferramentas que nos permiten crecer e evolucionar.

Galicia ten unha riqueza cultural inigualable desde a nosa lingua, que é un dos nosos maiores patrimonios, ata as diversas expresións que florecen ao longo de toda a nosa terra. A cultura é un reflexo da nosa historia e das nosas tradicións. O Goberno galego, por suposto, debe ser un defensor e promotor deste patrimonio, non só para preservar o que temos senón para enriquecer o futuro. A cultura xoga un papel crucial na cohesión social, fomenta o diálogo, a inclusión e a participación cidadá. Ao promover a cultura estamos construíndo pontes entre diferentes comunidades e xeracións, favorecendo a convivencia e o entendemento mutuo. É esencial que todas as persoas, independentemente da súa orixe ou condición, teñan acceso á cultura.

O Goberno galego ten a responsabilidade de garantir que a oferta cultural chegue a toda Galicia, por iso se está tramitando a Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que será a primeira de España.

Pero ademais a cultura é un motor económico, un sector económico estratéxico, crea riqueza, xera emprego; os datos están aí, falan de 36.600 profesionais traballando no ámbito cultural. E iso representan máis do 3 % do produto interior bruto. Impulsa o turismo e promove a innovación.

Investir na cultura non é só un acto de responsabilidade social, senón tamén unha estratexia para o desenvolvemento sostible da nosa economía. A aposta deste Goberno pola cultura está clara e tamén se fai patente na elaboración dos orzamentos do Consello da Cultura de Galicia.

Unha vez máis, e así se está facendo nos últimos anos, os orzamentos soben. Os orzamentos en Galicia están subindo unha media dun 2,6, e os do Consello da Cultura este ano case ascenden un 4 %, en comparación cos deste ano 2024.

Todas as cousas, efectivamente, e todo o que se organiza ten evidentemente un orzamento, e vostede xa deu conta do seu orzamento; ben explicado e mostrando a súa gran capacidade de xestión por parte do Consello da Cultura.

As institucións públicas temos a responsabilidade de intentar favorecer cos orzamentos a todos os organismos públicos, e neste caso, se cabe, aínda con máis motivo ao tratarse do Consello da Cultura Galega, polo gran labor que fai de asesoramento ao Goberno galego.

Tamén quero destacar, tal como reflexou vostede na súa memoria, os múltiples convenios de colaboración e cooperación con outros organismos no ámbito incluso internacional, no exterior, con todas esas actividades en Italia, Brasil, no resto de España, etcétera.

E quero resaltar a importancia do seu traballo neste camiño de colaboración, e creo que xuntos podemos crear un ecosistema cultural que promova a nosa identidade que, a fin de contas, creo que é o que todos perseguimos, cada un dende as súas responsabilidades.

Este é un camiño que temos que percorrer xuntos, nin o Consello da Xunta nin calquera departamento da Xunta de Galicia pode percorrer o camiño só, senón que é necesaria esta colaboración institucional que creo humildemente que se está dando; e a implicación, por suposto, de toda a sociedade.

Cremos neste balance positivo da historia autonómica no ámbito da cultura e creo que o traballo do Consello é un motivo máis para seguir mirando cara adiante.

O que está claro é que para traballar a prol da cultura hai que contar con medios, tanto con medios materiais como con medios humanos, por suposto, que posibiliten o traballo e a acción do Consello da Cultura.

A todos os xestores, eu que tamén o fun e moitos dos que están aquí, sempre nos gustaría dispor de máis orzamentos, así tamén nolo transmiten os outros órganos e departamentos que pasaron por aquí, algúns pasaron hoxe tamén. O que é certo é que nestes últimos anos existiu un incremento constante que vostede explicou claramente, o que lle agradezo sinceramente, sobre todo desde o ano 2014. Atrás quedan eses anos de parón que realmente existiron, pero tamén hai que saber e mirar os motivos e as dificultades polas que pasamos eses anos. Agora toca mirar ao futuro todos. Por iso fago un chamamento a todos os grupos políticos presentes. É fundamental que independentemente das nosas lexítimas diferenzas, nos unamos en torno a un obxectivo común: o fortalecemento da nosa cultura e da nosa lingua. Apostemos xuntos por un futuro no que a cultura sexa un motor de desenvolvemento, de cohesión social e de orgullo galego.

Deséxolle á señora presidenta do Consello da Cultura e ao seu equipo moito éxito na implementación destes orzamentos. Sei que van seguir traballando e desenvolvendo o importante papel que lle ten encomendado o pobo de Galicia, para así contribuír ao brillante futuro que ten por diante a nosa cultura.

E permítanme rematar cunha efeméride, porque quero lembrar hoxe que foi un 30 de outubro do ano 1920, fai hoxe 104 anos, naceu, saíu á luz o primeiro número da revista Nós en Ourense. E quero recoller simplemente un parágrafo da editorial dese primeiro número, titulado Primeiras verbas, e dicía así: «Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da terra e da raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de ser galegos».

Moitas grazas.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Ferro.

Rematada a quenda dos grupos parlamentarios, ten de novo a señora presidenta do Consello a palabra por un tempo flexible de cinco minutos, para dar resposta aos grupos parlamentarios.

A **señora presidenta do Consello da Cultura Galega (Álvarez Blanco):** Moitas grazas.

Moitas grazas a todos polas palabras, pola amabilidade de acollida que sempre é tan cordial e tan esperanzadora.

E vou facer unha contestación a todo o conxunto. Organiceino en catro liñas que quería comentar. Comezo polos recursos humanos.

Efectivamente, o cadro de persoal do Consello é mínimo. É mínimo, cando dicimos o «departamento de», o do «departamento de» é unha persoa e ás veces compartida. Quero dicir que non hai... Hai moi poucos recursos humanos para unha institución dese tamaño. Pero tamén debo dicir que é excepcional e eu trasladarei ao persoal a felicitación porque realmente temos un pequeno grupo de traballadores, pero todos e cada un son excepcionais e traballan por riba do que o contrato esixe; cun compromiso non soamente coa institución, senón con Galicia en realidade, que realmente, pois eu, como persoa que está como se dixeramos de paso polo cargo, ¿non? É dicir, non estou no cadro de persoal, pois agradézoo moitísimo porque é fundamental para o bo traballo que se fai.

E traballamos, efectivamente, cunha rede de voluntariado, porque ao fin e ao cabo é unha rede de voluntariado. Sempre digo que en cada momento, arredor das comisións, seccións, arquivos, etcétera, hai arredor dunhas 200 persoas traballando para o Consello, que son persoas que van mudando e que realmente non reciben unha compensación polo seu traballo máis que o seu compromiso, a súa dedicación, o gusto con que o fan, a gana de contribuír, etcétera. E tamén o recoñecemento social, debo dicilo claro.

Son todas persoas ademais que teñen unha actividade profesional ou da creación na xestión, na investigación, etcétera. É dicir, que realmente podían está facendo a súa vida e, sen embargo, parte do seu tempo, do seu saber, do seu esforzo dedícano ao ben público, ¿non? Entón, claro, iso é moi de agradecer para quen está en cada momento á fronte da institución, porque temos a sorte de ter un enorme talento neste país, un enorme talento e unha enorme forza de creación de coñecemento e que toda esta xente está disposta a contribuír, pois é realmente algo que cando ti por aí adiante llo cotas a outros organismos semellantes ao noso, non o poden crer; non o poden crer que non os teñamos en nómina a eses 200. Pois non, non están en nómina; están en nómina nos respectivos traballos, ou son autónomos ou teñen outro patrón que lles paga por traballar.

Ben, claro que ás veces hai cousas que non chega co voluntariado, porque hai cousas que hai que pagar. Ou sexa, se ti queres facer determinado tipo de análises, tes que pagar a unha empresa que vai facer ese traballo. Non digo xa de ter medios propios para facelo, que nós non creo que fose o razoable, porque de que medios estamos falando. Hoxe necesitas unha cousa de edafolóxica e mañá de ciencias sociais. Entón, pero hai moito dese talento que hai neste país que podería vivir se nós estiveramos as institucións contratando o traballo deste tipo, que non soamente sostivesen ao sistema, senón que

ademais servisen como acicate para novos retos, incluso novos retos científicos ou novos retos creativos.

Polo tanto, eses recursos humanos cos que contamos son eses. Dentro de sinalar a carencia tamén sinalo o valor que teñen eses recursos, valor extraordinario que hai que agradecer.

E o segundo, ás veces pídensenos cousas, pídensenos accións ou pídesenos que fagamos cousas que nós entendemos que non están dentro da nosa misión. Porque nós non somos o Goberno, nós non somos o Goberno. Nós non podemos suplir, nin queremos nin podemos suplir a acción do Goberno. E, cando digo a acción do Goberno non me refiro só ao Goberno autonómico, tamén ao poder local. Nós non somos o goberno. Pero nós si temos unha capacidade de acción que debería axudar a que o Goberno, a Gobernanza toda nos distintos niveis, puideran facer o seu traballo dunha maneira máis eficaz baseándose tamén en que nós podemos facer traballos de motu proprio, porque non é que nolo teñan que encargar. A lei dio claramente. Nós temos capacidade de iniciativa. Non temos que esperar a que nos encarguen un informe. Claro que se nós facemos un informe nun proceso de declaración de BIC, logo non nos van pedir o informe no momento procesual de declaración de BIC; polo tanto é mellor estar calado esperando a que no momento do proceso se pidan o informe que che van pedir. É o razoable e é o que é leal, por outro lado. Pero nós temos capacidade de iniciativa e poderiamos tanto pola nosa propia capacidade de iniciativa como por responder a preguntas, demandas, solicitudes que se nos fagan, como xa se nos teñen feito dende o Goberno, e tamén desde outras instancias sociais, ¡ollo!, pois nós poderiamos contribuír tamén a facilitar esa acción e queremos facelo.

Con respecto á lingua. Nós, claro, dicíao antes, a nosa acción da lingua é transversal, nós na lingua estamos actuando continuamente. Non temos que ter un plan estratéxico para a lingua. E, de feito, nós antes de que saísen noticias do IGE, nós tiñamos xa previsto facer un informe para presentar o día 5 de novembro, é un informe que está feito, só analizando os datos do INE, do INE, doutra maneira, con outra perspectiva, son datos diferentes. Quero dicir que nós estamos atentos a facer informes de distinto tipo. Como tamén tiñamos previsto crear algún tipo de foro para responder con datos, non con opinións, con datos, con análises, con tal... ao informe que fai o Consello de Europa. Nós non saímos nunca ao día seguinte no periódico opinando, nós poñémonos a traballar sobre o tema e vemos que é o que hai de verdade, esaxeración, de mentira, de mala interpretación, etcétera, sobre este tema. Entón nós tiñamos previsto facelo. Neste momento nós... E tiñamos pensado tamén unha serie de liñas de acción que xa tiñamos aprobadas para o ano 2025 en relación coa lingua. ¿Que pasa? Que todo isto fixo que reconsiderásemos a situación, que era o que nós tiñamos pensado facer. E estámolo reconsiderando neste momento. Claro que para a consideración final, é dicir, pois imos facer isto, fáltanos un elemento clave; que é saber en que consiste o plan previsto pola Consellería de Cultura, que anuncia un pacto pola lingua na que nos vai chamar a nós, xunto con outras entidades, e entón saír dicindo agora: Nós temos tal proxecto, sen saber de que maneira podemos contribuír mellor a ese outro plan, sería un pouco estraño, ¿non?

Nós, de todas as maneiras, para o ano que vén, unha das cousas que si imos facer, con independencia de como se nos pida ao como nós decidamos complementar os plans que teña a consellería, nós tiñamos previsto como un foro participativo, como outros que temos feito, como o que fixemos sobre as disidencias sexuais, por exemplo; como fixemos no seu día sobre o patrimonio, un foro participativo a través de mesas de traballo especializadas que puideran ir dando datos, análises, respostas e propostas nos distintos aspectos que nos poidan parecen máis delicados nun abano de problemas en relación coa situación da lingua, ¿non? E só non que pode ser unha iniciativa propia, non colisiona para nada con outros plans que poida haber a nivel máis global ou inspirados desde a Consellería. Pero, en todo caso, nós estamos en condicións de reconducila de maneira que sexa complementario da axuda que se nos pida, sumatoria, axuda sumatoria, nesa concentración de esforzos para salvar unha situación que é gravísima.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Se pode ir concluíndo, señora Álvarez.

A **señora presidenta do Consello da Cultura Galega (Álvarez Blanco):** Si.

E logo —remato xa— nós imos seguir traballando en calquera caso. Quero dicir, imos seguir traballando en todas estas liñas, buscando a cohesión do sistema. Nós sempre buscamos a cohesión do sistema, por iso traballamos con todos; nós traballamos coa Administración autonómica, coa local, traballamos coas deputacións, cos concellos, traballamos coas universidades, traballamos moito coas entidades locais que non só non forman parte da Administración, pero si forman parte dunha rede de cultura de base que está por todo o país e sen a cal a cultura galega non existiría.

Quero dicir, nós seguimos tendo interlocutores en moitos niveis e seguimos —ía dicir forzando— máis ben provocando ou máis ben tecendo a colaboración en todos os niveis. E sempre nos atoparán aí.

E tamén, claro, colaborando activamente con quen ten que tomar decisións, ¿non? Por iso eu creo que, volvendo ao Informe de Altri, o Informe de Altri é un informe que ten 10 capítulos elaborados por científicos. E nós non tomamos unha posición política. Non, dicimos isto é o que hai. E os datos de cada capítulo pódense discutir naturalmente con outros informes, pero hai que discutilos, non hai que desautorizados, hai que discutilos. Ninguén pretende ser o único que teña a razón, pero hai que discutilos, hai que baixar á area.

Entón, da mesma maneira que nós propoñemos as nosas análises para que se teñan en conta na medida en que haxa que telas en conta, tamén poñemos sempre sobre a mesa, e alégrame que fose mencionado, o valor económico da lingua e o valor económico da cultura. Somos un sector económico o ámbito da cultura, dínnolo os nosos informes de maneira reiterada, somos un ámbito económico de primeira importancia dentro do conxunto dos ámbitos económicos da cultura galega; tanto por emprego como por

creación de riqueza. E, polo tanto, non deberiamos estar secundarizados á hora dos orzamentos públicos e privados.

Nada máis.

Moitas grazas de novo.

A **señora presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Álvarez, a vostede e ao seu equipo por estar connosco na tarde de hoxe para explicarnos os orzamentos e ao traballo inxente do Consello da Cultura Galega. Agradecemento que facemos extensivo aos grupos parlamentarios e aos servizos da Cámara.

E lémbrolles as súas señorías que imos suspender a sesión ata as 18 horas, que reanudaremos co presidente da Deputación de Pontevedra.

(Suspéndese a sesión ás dezasete horas e quince minutos).